



R, en Galicia TIC, a falar da nova realidade dixital para as empresas

- **R, un dos patrocinadores deste foro de referencia do sector TIC galego, estará presente mañá xoves nunha mesa temática virtual sobre “*Empresa conectada: do produto ao servizo dixital*”**
- **Alberto Díaz, por parte de R, conversará na mesa con Bernardo Riveira, de Cinfo e con Óscar Fafián, de Cruz Vermella**
- **Galicia TIC acada a súa 18ª edición no contexto da pandemia da COVID-19, o que levou á organización a artellar un formato semipresencial con predominio das actividades en liña**

Mércores, 14 de outubro de 2020.- O operador galego **R**, un dos patrocinadores de **Galicia TIC**, participará mañá xoves neste foro galego de referencia do sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na comunidade autónoma (<http://www.galiciatic.com/>). Unha cita obrigada para as empresas tecnolóxicas que, nesta ocasión tan excepcional ao fío do coronavirus, convértense en punto apoio esencial para remontar a crise sanitaria e revalidar a idea da necesidade xa incuestionable da transformación dixital nas empresas.

Nesta contorna, e xunto a outras actividades que se están a desenvolver dende hoxe en **Galicia TIC** (conferencias e debates presenciais, *demos*, *showrooms* virtuais, espazo *networking...*), **R** tomará parte nunha mesa temática en formato *webinar* (actividade formativa interactiva en liña) baixo o título “*A empresa conectada: do produto ao servizo dixital*”.

Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas, IoT e Transformación Dixital de **R**, ofrecerá a súa visión sobre o proceso de transformación dixital das empresas nunha charla con Bernardo Riveira, director de Operacións e Desenvolvemento de **Cinfo** e con Óscar Fafián, especialista da área de Innovación da **Cruz Vermella**.

cambios previstos, cambios acelerados

Produtos, mercados, canles, clientes... todo cambia a unha velocidade de vertixe. Particulares e empresas procuran solucións a necesidades concretas en tempo real, dun xeito áxil e sinxelo.

Explica Alberto Díaz que “...esa nova realidade dixital prevista dende hai tempo vén de recibir un impulso que ninguén predecía hai poucos meses, antes do estoupido da crise sanitaria da COVID-19. E nesta contorna cómpre que as empresas se adapten deseguido á **nova realidade dixital**, esa na que produtos e servizos van ser tamén cada vez e necesariamente máis dixitais e intelixentes. Todo está e estará conectado”.

Na mesa temática debaterase como afrontar os desafíos que as empresas e negocios teñen a día de hoxe para desenvolver o seu **proceso de dixitalización** e cales son as claves imprescindibles que lles permitirán **adaptar con éxito os seus produtos e servizos** ás necesidades dos/as novos/as consumidores/as dixitais. A transformación dixital xa non é unha cuestión opcional e cómpre empurrar tamén os sectores con menor intensidade de desenvolvemento tecnolóxico para obviar a fenda dixital e responder ás esixencias desta nova era que nos toca vivir.

Galicia TIC, referente ineludible do sector tecnolóxico en Galicia desenvolveu esta mañá a parte presencial do seu programa na Cidade da Cultura de Santiago, e mañá xoves e o venres completaranse os contidos previstos con actividades exclusivamente en liña.

Para participar como oínte na mesa redonda “Empresa conectada...”, é preciso rexistrarse en Galicia TIC, no enlace <http://www.galiciatic.com/inscripcion>.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal